## Xoves 18 de Agosto

**22:00 horas – "ILMAQUINARIO TEATRO: PERPLEXO"**
**Auditorio Municipal (Entrada: 5€)**

AUTOR: MARIUS VON MAYENBURG / DIRECTOR: TITO ASOREY / ELENCO: MELANIA CRUZ, FERNANDO GONZÁLEZ, FRAN LAREU E LAURA MÍGUEZ.
(5 PREMIOS MARÍA CASARES NA SÚA XIX EDICIÓN NO 2015 (MELLOR ESPECTÁCULO, MELLOR DIRECCIÓN, MELLOR ILUMINACIÓN, MELLOR ACTOR VESTUARIO, MELLOR TRADUCCIÓN-VERSIÓN).

LAURA E FERNANDO VOLVEN A CASA DESPOIS DAS VACACIÓNS, MAIS AO POUCO DE ENTRAR PERCIBEN NELA PEQUENOS PERO ESTRAÑOS CAMBIOS: UNHA NOVA PLANTA APARECE NA COCIÑA, O SEU GATO NON ESTÁ POR NINGURES E A LUZ ESTÁ CORTADA POR FALTA DE PAGO, AÍNDA QUE UNS AMIGOS DA PARELLA, FRAN E MELA, QUEDARON AO COIDADO DAS COUSAS NA SÚA AUSENCIA. CANDO ESTA NOVA PARELLA APARECE EN ESCENA A SITUACIÓN DA UN XIRO, POIS SEMELLA QUE ELES SON OS VERDADEIROS E LEXÍTIMOS PROPIETARIOS DA VIVENDA.
A PERPLEXIDADE DE LAURA E FERNANDO ANTE A NOVA SITUACIÓN TRANSFÓRMASE EN ACEPTACIÓN, REMATANDO POR RETIRARSE DA VIVENDA... DE QUEN É REALMENTE A CASA? QUEN SON REALMENTE ELES? TIVERON ALGUNHA VEZ UN GATO? CANDO LAURA E FERNANDO VOLVEN APARECER NA CASA, FANO BAIXO O ROL DO FILLO E DA AU-PAIR DA OUTRA PARELLA. A PARTIR DESTE MOMENTO A PEZA SUCEDERASE NUN CONTINUO XOGO DE INTERCAMBIO DE ROLES, ONDE O ESPECTADOR SERÁ TRASLADADO A UN VERTIXINOSO DEVIR DE ESCENAS ONDE OS ACTORES-PERSONAXES DEBERÁN TRANSFORMARSE PARA ADECUARSE A UNHA REALIDADE EN CONSTANTE CAMBIO.
O TEATRO PASA A CONVERTERSE NUNHA METÁFORA DA NOSA REALIDADE ACTUAL, ONDE TODOS TEMOS QUE IMPOÑERNOS DETERMINADAS MÁSCARAS SOCIAIS PARA FACER FRONTE ÁS NOVAS SITUACIÓNS QUE A VIDA NOS PRESENTA. A CUESTIÓN É: QUE QUEDA DE NÓS MESMOS ANTE ESTA VERTIXE DE PERSONALIDADES MÚLTIPLES? QUEN SOMOS REALMENTE?

## Venres 19 de agosto

**12.30 horas – "FUMAN - MUSICÓLOCO"**
**Explanada do Mercado (Gratuíto)**

POUCAS VECES A MAXIA FAI QUE NÓS VIVAMOS NO SEU DESTINO.
CREAR ILUSIÓNS, SONOS, SENSACIÓNS..., AMIGOS. NESTE ESPECTÁCULO O DESTINO DETÉNSE PARA DAR PASO A MUSICÓLOCO NUN SINFÍN DE NOTAS CON ARMONÍA PROPIA, CUN CARRO E O CLOWN, UNHA PERSONAXE TOTALMENTE ANACRÓNICA, CHEGADA DENDE A MÁIS PROFUNDA INOCENCIA EXCÉNTRICA. NOTAS DE HUMOS, HABILIDADE, TÉCNICA E BELEZA VISUAL COMPARTEN ESCEA EN TODO MOMENTO.
O ANTIGO MÉZCLASE CO MODERNO RECORDÁNDOSE QUE HOXE É MAÑÁ, MAÑÁ SERÁ ONTE E O FUTURO CREASE CO PASADO E O PRESENTE.
ZAPATÓNS, BOCINAS, CAMPÁS, TIXOLAS, TAMBORES, SEREAS, PLATILLOS, CENCERROS, RODAS QUE XIRAN TRANSPORTANDO VIDA E RECORDÁNDONOS QUE ENTRE O CLOWN E O SEU PÚBLICO, A SONRISA É O CAMIÑO MÁIS CURTO.

**22:00 horas – "CHÉVERE TEATRO: EROSKI PARAÍSO"**
**Auditorio Municipal (Entrada: 5€)**

AUTOR: MANUEL CORTÉS. / DRAMATURXIA E DIRECCIÓN: XRON. / ELENCO: PATRICIA DE LORENZO, MIGUEL DE LIRA, CRISTINA IGLESIAS, FIDEL VÁZQUEZ E LUÍS MARTÍNEZ.
(CHÉVERE, PREMIO NACIONAL DE TEATRO 2014)

PRIMEIRA PRODUCCIÓN DE CHÉVERE DESPOIS DE RECIBIR O PREMIO NACIONAL DE TEATRO, EROSKI PARAÍSO É O RESULTADO DUN PROCESO DE PROCURA DE VARIOS MESES QUE LOGO SE CONCRETOU NO LOCAL DE ENSAIO. NESTA OCASIÓN FÍXOSE UN TRABALLO DE DOCUMENTACIÓN PREVIO SOBRE A SALA DE FESTAS O PARAÍSO, QUE FUNCIONOU EN MUROS ENTRE 1972 E 1990 E ACABOU CONVERTIDA NUN SUPERMERCADO EROSKI. ALÍ COÑECÉRONSE EVA MARTÍNEZ E ANTONIO FORMOSO EN 1989, COMO TANTAS OUTRAS PARELLAS DA ZONA. ESTA É A SÚA HISTORIA, UN RELATO QUE RETRATA O DESARRAIGAMENTO VITAL DUNHA XERACIÓN QUE EXPERIMENTOU O PASO DUNHA SOCIEDADE TRADICIONAL A UNHA SOCIEDADE DE CONSUMO. EROSKI PARAÍSO É POR TANTO UNHA HISTORIA SOBRE OS CAMBIOS NAS FORMAS DE VIDA E NOS USOS DE MOITAS DAS NOSAS VILAS E CIDADES. DE COMO OS ESPAZOS DE LECER SE TRANSFORMARON EN ESPAZOS DE CONSUMO. DE COMO AS SALAS DE FESTA ACABARON CONVERTIDAS EN CENTROS COMERCIAIS. DE COMO PASAMOS DE BAILAR E MOCEAR A MERCAR E CONSUMIR NESE MESMO ESPAZO. DE COMO PEPRMANECIMOS COMO SIMPLES OBSERVADORES MENTRES A VIDA NOS PASABA DIANTE A TODA PRÉSA.

AGRADECEMENTO ESPECIAL Ó GRUPO DE TEATRO DAS AMAS DE CASA DE CARIÑO POLA SÚA COLABORACIÓN.

MOSTRA DE TEATRO GALEGO CARIÑO

AVENIDA DA PAZ, 2
15360 CARIÑO (A CORUÑA)
TELF. 981 405 064
FAX. 981 405 029
CULTURA@CONCELLODECARINO.COM

**PREZOS:**
MOSTRA INFANTIL: 1€
MOSTRA NOITE: 5€
BONO (MOSTRA NOITE: 20€

Organiza: CONCELLO DE CARIÑO
Patrocinan: Deputación DA CORUÑA · XUNTA DE GALICIA · AGADIC
Colabora:



# XXXVII MOSTRA DE TEATRO GALEGO DE CARIÑO

**Entre o 13 e o 19 de Agosto 2016**
**CONCELLO DE CARIÑO**

